

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA PROPOSTA DE INVESTIGACIÓN "XESTIÓN SUSTENTABLE E BAIXO UN ENFOQUE ECOSISTÉMICO DOS STOCKS DE POLIQUETOS DE INTERESE COMERCIAL EN GALICIA: VALORIZACIÓN DO RECURSO E AVANCE NO COÑECEMENTO DA SÚA BIOLOXÍA E ECOLOXÍA. POLYCHAETA"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura, 29 de maio de 2023, ata o 31 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade da Coruña, para a realización de actividades conxuntas que, dunha parte, permitan propoñer melloras na valorización das especies de poliquetos autóctonas empregadas como cebo e, doutra parte, permitan obter información biolóxica e ecolóxica sobre as dúas especies de poliquetos con maior peso no sector en Galicia que garanta a súa explotación sustentable baixo un enfoque ecosistémico.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



- Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia. A citada Rede conta cunha dotación orzamentaria de 2.500.000 € para os anos 2022 e 2023, financiadas nun 75% polo Fondo Europeo do Mar e da Pesca para a realización das actuacións recollidas no artigo 28 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, referido ás asociacións entre o sector da investigación e o sector pesqueiro: *“creación destas redes ou asociacións, como ás actividades realizadas no marco delas, podendo comprender a recompilación de datos e actividades de xestión, estudos, proxectos piloto, difusión de coñecementos e resultados de investigacións, seminarios e mellores prácticas, así mesmo a accións dirixidas á creación de redes, acordos de asociación ou asociacións entre un ou varios organismos científicos independentes e o sector pesqueiro, en que poden participar organismos técnicos”*.
- Na xuntanza ordinaria da Rede celebrada o 24 de marzo de 2023, esta valorou positivamente a realización dun Convenio entre a Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar e a Universidade da Coruña para a execución da acción de investigación “Xestión sustentable e baixo un enfoque ecosistémico dos stocks de poliquetos de interese comercial en Galicia: valorización do recurso e avance no coñecemento da súa bioloxía e ecoloxía. POLYCHAETA”, considerando a súa realización, aliñado coa finalidade da Rede, de interese para os seus participantes e para o sector pesqueiro en particular, así coma para o ben común e interese xeral.

A Consellería do Mar e a Universidade da Coruña consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan a realización dun estudo que proporcione os datos precisos para a realización de propostas de mellora na valorización do cebo autóctono, afondar no coñecemento da bioloxía e ecoloxía de D. Neapolitana e sentar as bases de

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



dito coñecemento no caso da especie *S. Laurentiana*. A información derivada deste proxecto proporcionará unha avalización do estado actual e evolución dos recursos e actividade comercial, que proporcionará á Consellería do Mar e resto de integrantes da Rede o coñecemento necesario para mellorar a súa xestión e asegurar a sostibilidade deste recurso.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

